

" A Palavra fixose carne"

Xofn, 1, 14

A PALABRA DE DEUS ECOABA LIZGAIRA

1.- PALABRA E CARNE

2.- A PALABRA FAISE CARNE (Tempo histórico de Xesús)

3.- A PALABRA QUEDA NO HOME (Eterna possibilidade do Nadal)

Lema: PAZ NA TERRA

A Palabra de Deus ecoaba lizgaira
andainas siderais como longas arelas.

O corazón do home pesaba como chumbo
rentes da terra, verme irremisibelmente.

A Palabra de Deus estalaba en estrelas,
era luz en cadoiro ou mar de craridades.

A noite inzaba moura a morada dos homes.
A noite coma un corvo sobrevoando a noite.

A Palabra era a vida en si multiplicada,
seminal fondo río, creación sen acougo.

A morte tiña o niño nas raíñas da carne,
noitarega con aas de arrepiños noxentos.

A Palabra era en Deus i era a orixe das cousas,
o comenzo de todo: falaba Deus e había.

Topaba arreo a carne radicais impotencias
xunto a un anxeio eterno a emergullar co sangue.

i Que difícil ser Deus e ter as mans atadas
côa ligame irrompíbel da libertade humana!

i Que difícil ser home con un soño alugado
a imposíbeis querencias como de Deus xurdidas !

.....

II

Cando a mourenza era cadaleito de sombras
e a esperanza morría entre as poutas do medo,
casou coa noite o día, maridaxe inefábel
de pó e de nubens feito: Vestíuse Deus de carne.

Velahí como sofre a Palabra no mundo,
como lle tollen voos e lle botan cadea.

Velahí como agroma na mesma morte a vida
e gabea a ledicia ós cumios da tristura.

Velahí que precisa unha lingua de carne
a Palabra nacida nos arcanos do ceo.

Velahí como a historia engule a Deus no tempo
como unha vaga inmensa á inxel buguina vouga.

.....

III

E a Palabra de Deus ficou nos nosos beizos
i en eles amudece se a nosa voz lle falla.

A Palabra é a luz, que a luz sea con nós,
que brile nas estrelas dos ollos que non minten.

Que a saúde visite ó home dende o home
que a procura con teima nun longo lusco-fusco.

Veña a paz coma un viño que vai bebendo inorde
aquele que ó darlle corpo levou os pes espídos.

Ceibe sea a Palabra que a ignorancia engaiola,
ceibe igoal que unha pomba nunha fraga senlleira.

Asopre o home un vento que arrombe todo muro
choedor da liberdade, feridor da Palabra.

Saia dos nosos dedos un loiro pan xigante
pra ver comesta a fame pola fartura boa.

Que todo esteure en vida, porvir de terra en celo.
Que erren os que agoiran un futuro de cinza.

Será o amor fervenza pra asulagar os odios
e a Palabra de Deus ecoará lizgaira.

.....